Tema 64

EDUARDO BLANCO AMOR E ANXEL FOLE. OUTROS NARRADORES DESTA ETAPA.

ÍNDICE:

1. Introducción.
2. Blanco Amor.
2.1. Análise da súa obra:
2.1.1. *A Esmorga.*
2.1.1.1. Estructura.
2.1.1.2. Narradores.
2.1.1.3. Tempo.
2.1.1.4. Espazo e ambiente.
2.1.1.5. Personaxes.
2.1.1.6. Interpretación de *A Esmorga*.
2.1.2. *Xente ao lonxe*.
2.1.2.1. Estructura.
2.1.2.2. Espazo.
2.1.2.3. Tempo.
2.1.2.4. Personaxes.
2.1.2.5. Narradores.
2.1.2.6. Interpretación de *Xente ao lonxe*.
2.1.3. *Os Biosbardos*.
2.1.3.1. Estructura.
2.1.3.2. Temas.
2.1.3.3. Tempo e espazo.
2.1.3.4. Narradores.
2.1.3.5. Personaxes.
2.2. Lingua e estilo.

1. Introducción.

Pertencen pola data de nacemento á "xeración do 25" (nados 1885-1904): M. Antonio, Dieste, A. Carballo.

Blanco Amor e Fole destacan como narradores a partir dos 50, cunha narrativa nova, xa afastada da vangarda, orixinal e que fai difícil enmarcar xeracionalmente a estes autores.

Breve historia (a partir de Nós)→ revistas...

Contexto: posguerra → lit. Interna / lit. Exilio.

Xente da barreira (1950), Carballo Calero→ primeira obra publicada pola ed. Galaxia.

S. XX	Irmandades da Fala
	Xeración Nós
	Vangardas / X. Do 25
	Promoción de enlace (20-30)
	X. das Festas Minervais (30-40)
	X. dos 50 – Nova narrativa

2. Blanco Amor.

Traxectoria vital e a influencia na súa obra:

- 1ª etapa: Nación, formación e fuxida (1897-1919)

  1897- Ourense: estudia na Normal. Segue as experiencias agraristas e mantén contacto cos intelectuais: Risco, Cuevillas*, La Centuria*.

  1919: emigra á Arxentina por economía e pola busca de liberdades

- 2ª etapa: Aquén e alén do Atlántico, a interacción de dous mundos (1919-1936).

  Colabora nos ambientes culturais da emigración. Participa na creación de Céltiga e na revista Terra (= Nós en América).

  No ano 1933 volta á Galicia ata o 36. A súa actividade galeguista é máis ben escasa pola afinidade co hispanismo do socialismo de esquerdas, e a súa dependencia á xeración do 27 española (Lorca...).

- 3ª etapa: Compromiso antifascista e perspectiva "universal" (1936-1955).

  Emigrante→ Exiliado

  Fiel ao esquerdismo hispánico non comprende o nacionalismo de Castelao. Sen embargo á morte del, fai un discurso de louvanza polo seu compromiso coa terra. Comeza a inclinarse cara ao galeguismo.

- 4ª etapa: Preparando o regreso (1956-1964).

  Cambio de actitude, publica *A Esmorga* (1956) e *Os Biosbardos* (1962) e comeza a ter a mesma visión da emigración que C.E. Ferreiro.

  Volta no 1965.

- 5ª etapa: Retorno, reintegración e morte (1965-1979).

  Pensa contribuír coa cultura de aquí e loitar polo recoñecemento da súa obra.

  Mal sobrevive con traballos xornalísticos; en 1972 é nomeado membro da RAG. Publica *Xente ao lonxe*.

  É considerado un intelectual molesto, non axeitado para a transición polo seu pasado comprometido, antifascista e galeguista.

  Morre no 1979.

2.1. Análise da súa obra:

2.1.1. <u>A Esmorga</u>: Bos Aires (1959).

Rompe coa tradición narrativa galega de posguerra. Foxe do tradicionalismo formal e está ambientada nun espazo urbano. Afástase da Nova Narrativa por ter unha dirección estética moi diferente.

Non é autobiográfica.

2.1.1.1. Estructura.

- **Estructura circular**: 1º intervén un narrador que nos informa da procedencia da súa documentación. Féchaa o mesmo para informarnos da morte do protagonista.
- **Esquema estructural**:

  1. Narrador Cronista: "Documentación".

  2. Narrador Protagonista (I-V): "taberna da tía Esquilacha" e "xardín dos Andrada" (I), "pazo do Cátelo" e "casa da Monfortina" (II), "casa da Nono" e "igrexa de Sta. Eufemia" (III), por último, "casa dos Andrada" e "campo das bestas" (IV).

  3. Narrador Cronista: "Epílogo", morte do narrador protagonista.

2.1.1.2. Narradores.

1. **Narrador Cronista**: Informes sobre a súa documentación.

2. Narrador Protagonista: Cibrán "o castizo", 1ª persoa.

Hai un diálogo entre Cibrán e o xuíz pero para evitar unha novela diglósica o contido das preguntas do segundo é intuído polas respostas do primeiro.

3. Narrador Cronista: "Epílogo".

2.1.1.3. Tempo.

- **Tempo da narración**: dous días. Primeiro día→ dous capítulos, segundo día→ 3 capítulos.
- **Tempo da historia**: percorrido dos tres esmorgantes (amañecer→ 24 h. despois Cibrán é atopado ferido por uns varrendeiros).
- **Tempo real** (fóra da historia interna)—1870, está escrita case 90 anos despois do ocorrido.

Na declaración de Cibrán apreciamos diferentes suspensións ben para reflexionar en voz alta, ben para introducir a voz doutras personaxes que lle contaron a historia: a do pazo de Andrada. As digresións retardan o tempo, é o xuíz quen as interrompe.

2.1.1.4. Espazo e ambiente.

- A sala do xulgado, onde se desenvolve a declaración.
- Auria, espazo xeral.
- Novela itinerante (rúas, prazas, igrexas...), as personaxes viaxan por pracer e por fuxir.

Ambiente dominado pola chuvia, factor que contribúe a marcar tensións. A chuvia (e o alcohol) aumenta a medida que progresa o relato.

2.1.1.5. Personaxes.

- **Personaxes principais:**
  - **Cibrán**: narrador, caracterizado indirectamente. Os seus alcumes Tiñica, Puchapodre, Catizo) fan referencia á enfermidade da infancia e á profesión do pai. Sector baixo da sociedade. Familia: pai ausente, nai vella e cansa, irmán emigrado e irmá tola. Cibrán: obreiro urbano. Intenta cambiar de vida gracias ao amor dunha prostituta, a Raxada, coa que ten un fillo, o Lisardiño. Ela ten unha enfermidade venera.

    Cibrán é vulnerábel, déixase levar cara a destrucción.

    Refúxiase no alcohol para evitar os efectos do "pensamento" (epilepsia, angustia, melancolía)
  - **Milhomes**: Eladio Vilarchao, xastre afeminado, bromista e con lingua afiada.
  - **Bocas**: Juan Fariña. Líder, corpulento e con mal carácter. Mantén unha estraña amizade con Milhomes. Mostra unha forte tendencia á depresión e ao ensimismamento. Ten unha grande obsesión pola muller do pazo e a frustración ao atopar unha boneca desencadea o desenlace tráxico coa Socorrito (violación).

- **Personaxes secundarias:**

  Son representantes das diferentes clases sociais: dende prostitutas ata a fidalguía, dende empregados do Concello ata sindicalistas. Presenza en maior medida do lumpem e do subproletariado.

  As personaxes que figuran cun alcume: Cupatrás, a Piolla, a Zorrita, o Verzas, provocan hilaridade e rexeitamento, fronte aos teñen nome propio que provocan compaixón: Socorrito e Lisardiño.

2.1.1.6. Interpretación de *A Esmorga*:

- **Como novela materialista** (Fco. Rodríguez):
  - *Denuncia dunha sociedade atrasada e colonizada* (España: xustiza, maragatos e opresión histórica; fidalguía caduca).
  - *Ausencia de solución*: aniquilamento ou abuso dos seres aínda máis débiles (Socorrito).
- **Como conflito existencial** (Xosé Gavilanes Laso):
  - *Alegoría dun conflito moral*: dous mundos → 1. o xuíz e as forzas represivas, 2. primitivos, os esmorgantes. Cibrán móvese nos dous mundos, ten conciencia pero non vontade. É o único inocente**.**
- **Como novela picaresca**:

  Polo carácter itinerante, a psicoloxía das personaxe...

  Sen embargo o instinto de supervivencia do pícaro contradícese coa autodestrucción dos esmorgantes. Así mesmo o conflito moral de Cibrán afástase dunha personaxe pícara.

2.1.2. Xente ao lonxe (1972).

Novela de formación que ten como protagonista principal un neno adolescente.

A visión do mundo e a mesma linguaxe vanse enriquecendo a medida que este evoluciona dende os dez aos 18 anos.

Espazo: Auria, primeiras décadas do S. XX. A evolución da personaxe van parellas ás transformacións sociais.

2.1.2.1. Estrutura.

Asimétrica, catro partes cun número desigual de capítulos, que provoca aceleración no ritmo narrativo. A primeira parte ten nove capítulos e na cuarta xa nos atopamos con catro, vanse reducindo as intercalacións na trama principal, o que provoca a axilización.

En cada capítulo atopamos subdivisións que coinciden co cambio da voz narradora, e co paso dun centro de interese narrativo a outro.

- **1ª parte**: presentación do espazo físico e personaxes.
- **2ª parte:** conflito pola escolarización de Suso (escola laica ou non), as dificultades de cambio e o poder da igrexa e as tradicións. As contradicións internas do propio movemento progresista (Ares).

- **3ª parte:** sobre o conflito en Oseira e a represión (feito real) violenta. Prodúcese a confirmación ideolóxica de Suso e a súa toma de contacto con X. Mª e o movemento obreiro intelectual.
- **4ª parte:** celebración do 1º de maio, no cal a irmá, Evanxelina, se confirma como dirixente socialista. Primeiro contacto sexual de Suso. A novela remata cunha carta que Evanxelina dirixa a unha amiga da infancia, a través dela (da carta) coñecemos os destinos da súa familia.

2.1.2.2. Espazo.

Espazo único: Auria, urbano.

Outros lugares da provincia como Cea, Xinzo, Arnoia... aparecen asociados a personaxes secundarios ou como destino e desterros dos protagonistas.

2.1.2.3. Tempo.

- Cronolóxico (da narración) : aparece roto constantemente.

  Sitúase nas primeiras décadas do S. XX, dende o punto de vista das personaxes→ 10 anos.

  Son frecuentes as analepses: a obra é unha volta ao pasado dende un presente impreciso.

  - 1ª parte: 2 momentos (Pertentiño e Alberte→ distancia de 5 anos)
  - 2ª parte: 2 anos e elipses.
  - 3ª parte: unha semana.

2.1.2.4. Personaxes.

- **Principais:**
  - **Suso**: protagonista, narrador con máis presenza. Novela de formación. A progresión desta personaxe é perceptíbel fundamentalmente atendendo a tres factores:
    - *Maduración- psicolóxica*: cada vez máis consciente do drama humano que orixina na familia o problema da escola laica e do activismo político do pai.
    - *A conciencia social*: evolución ideolóxica á sombra da súa irmá (participa en reunións,asiste ao primeiro de maio, lectura das publicacións do partido...).
    - *O sexo*: xogos infantís coa amiga da irmá → prostíbulo→ onanismo.

- **Evanxelina**: moza xeitosa de carácter forte. Sente admiración polo seu pai e tenta imitalo. Feminista. A súa ideoloxía provoca o afastamento do Elixio.
- **Aser:** pai de Suso. Líder do movemento socialista. Ten acceso á cultura libresca, traballa nunha imprenta. Fórmase a si mesmo e á súa familia e amigos. Polo seu activismo foi detido, desterrado e finalmente encarcerado en Burgos.
- **Señora Domitila:** avoa materna de Suso. Ideas relixiosas e tradicionais (vs. Aser). Personaxe alienada pola influencia do clero.
- **Dª Andrea:** ten características folletinescas. Pertence á clase media-alta portuguesa e ten cultura. En Auria relaciónase coas clases populares. Foi unha antiga conspiradora contra o goberno republicano (refuxiada) de Portugal. Seguidora do xeneral Paiva Couceiro (os paivistas) que querían restaurar a monarquía.

2.1.2.5. Narradores.

- **"Eu principal"**: voz predominante que identificamos con Suso. Conta dende u presente as súas vivencias dende a infancia ao longo de dez anos. Non adopta a perspectiva do "eu" maduro senón que se ve a súa evolución, adopta as características psicolóxicas propias do momento que está reconstruíndo.

  Adopta á súa vez outros puntos de vista:

  - **"Eu protagonista"**: presente na obra como personaxe. Fala coa súa voz dende a súa propia visión.
  - **"Eu testemuña"**: reproduce o que oíu e viu. Pode aparecer como "testemuña *"aceptada"* ou *"escondida".*
  - **"Eu principal indirecto"**: transmite as opinións doutras personaxes adoptando unha posición obxectiva semellante a un de P3.
- **"Eu Evanxelina"**: presente en dúas cartas a unha amiga. Na primeira o tema principal é a escola laica. A segunda é máis persoal e conclusiva.
- **"Eu alumno"** (compañeiro de Suso. Capítulo !º da 2ª parte): relata a escena que ten lugar entre o freire-profesor e os alumnos entre os que está Suso. Comenta a escena e toma partido.
- **"Eu Quintín"**: conta a 1º reacción do pobo cando rouban o baldaquino de Oseira.
- **Terceira persoa**: non se identifica con ningunha personaxe. Dá conta dos feitos que non poderían ser contados dende a perspectiva das personaxes. Imparcial.

O autor bota man das outras voces narrativas cando é necesario relatar cousas que Suso non presenciou.

2.1.2.6. Interpretación de *Xente ao lonxe*.

- **Como crónica histórica**:

Non é unha novela histórica propiamente dita, pois non obedece á estética deste subxénero novelesco tal como foi fixado no S. XIX.

Sen embargo o seu universo de ficción sitúase entre personaxes e sucesos perfectamente documentados:

- Moure, Lacorza = Maura (presidente) e La Cierva (ministro) conservadores, como vemos, non exentos de humorismo.
- Os dous xornais: El eco de Ourense e e El aliño (← El eco del Calvario e El Progreso; reais).
- Dona Andrea: alúdese aos paivantes.
- Episodio da escola laica (Fco. Ferrer; secuencia tráxica de Barcelona). A marxinación que sofren os dous mestres na novela é a mesma que sofren na ralidade os mestres da Escola Laica Neutral de Ourense (1909-1936)
- Masacre de Ursaria = Oseira.

- **Como novela social**:

A obra amosa a sociedade da época en Ourense, sen embargo non pode incluírse no realismo social imperante na novela española de posguerra.

- Clase alta: tradicionalista, conservadora (o alcalde, o gobernador, os comerciantes maragatos, o bispo...)

- Proletariado con ideoloxía: socialismo de Aser.

- Lumpem – proletariado: sen ideoloxía nin cultura.

Blanco Amor amosa unha sociedade con grandes conflitos internos e loitas sociais. Hai denuncia de dous grandes males desta sociedade: a emigración e a guerra imperialista de Marrocos.

- **Como novela de formación (psicolóxica)**:

Amosa o proceso de formación do Suso ao par que ofrece as transformacións sociais de Ourense.

2.1.3. <u>Os Biosbardos.</u>

Son sete contos: *A arrasadeira, O noxo, O encalatro, Primeira comunión, Bartomeu, Os biosbardos, O salvamento, O estreno.*

2.1.3.1. Estrutura.

Resáltase a individualidade de cada relato, sen embargo presentan certas constantes:

- As historias son ambientadas en Ourense a principios de S. XX.
- A maioría das personaxes son das capas populares.

- Son hª de nenos e contadas por nenos.
- Lingua: galego popular.

2.1.3.2. Temas.

- Algúns presentan unha **visión social**, noutros domina o **psicolóxico** e todos reflicten aspectos da realidade galega.
- **A pobreza das xentes**, o mundo das aparencias.
- **O sexo**: con cru realismo en *O noxo*.
- **A emigración**: *O salvamento* – emigrante cheo de cartos que só fala para comparar o "país do progreso" (América) co "país do atraso" (Galicia).
- **A visión máxica da realidade**: *Bertomeu* , un neno estraño e diferente a todos, ri constantemente e ten poderes.

2.1.3.3. Tempo e espazo.

Escenario: cidade de Auria e as súas rúas, máis ambientes suburbanos.

O tempo máis que un tempo "cronolóxico real" é un tempo psicolóxico, interiorizado e retrospectivo, o pasado visto de lonxe trócase en atmosfera máxica que non ten lindeiros. Atopamos analepses e prolepses (*O noxo* — Sra. Fermina e os seu pasado).

Noutros relatos a relación que establece o autor entre o tempo do discurso e o tempo da historia crea ritmos máis ou menos lentos segundo o seu desexo. (*Primeira comuñón*: 3 liñas (tempo do discurso) para 3 anos (tempo historia), trece páxinas para unha mañá de Corpus).

2.1.3.4. Narradores.

Primeira persoa, unhas veces é a voz do propio narrador-protagonista e outras, é un narrador que non intervén na acción senón que a viu; neste caso a historia reprodúcese en estilo directo.

Protagonista infantil-xuvenil

Hai un conto, *O estreno*, no que predomina a visión única do narrador-protagonista. Nos outros hai alternancia entre este e o diálogo, así combínase o subxectivo e o obxectivo.

2.1.3.5. Personaxes.

Distinguimos dous tipos de protagonistas de natureza diferente:

- **Protagonista colectivo**: Auria. Cidade que recolle o ambiente dunha sociedade nunha época determinada.

- **Protagonista infantil**: o neno. Reais lonxe dos típicos anxelicais: sofren, teñen medo. Pertencen a clases baixas opoñéndose aos señoritos das clases altas (*A arrasadeira*).

2.2. Lingua e estilo.

Utilización dun galego coloquial caracterizado pola súa extraordinaria riqueza léxica, que intenta reflectir a sociedade que presenta. Destaca polo seu carácter oral (refráns, diglosia, critícase a fala requintada dos emigrantes, etc.)

Blanco Amor tentou crear unha prosa clara e directa, fuxindo de requintamentos, xa que o público ao que vai dirixido a obra é o pobo.